FARO DE VIGO
Jueves, 8 de junio de 2000



# Una deuda de un millón de pesetas bloquea la restauración del buque "Bernardo Alfageme"

## El propietario del desguace donde está atracado el pesquero exige el pago de los gastos producidos por el amarre. El dueño legal del barco afirma que no hay débitos pendientes

A. DEL OLMO • VIGO

Un millón de pesetas impide que el Bernardo Alfageme, un arrastrero de 24 metros construido en 1944, sea el primer barco-museo de la ciudad. La Concejalía de Patrimonio Histórico no puede hacerse cargo del barco para restaurarlo hasta que no se abonen los gastos generados por su amarre en el muelle de Viguesa de Chatarras, en A Guía.

El propietario de la empresa de desguaces se niega a entregar el arrastrero al Concello, mientras el dueño legal del pesquero, la empresa Armón —que gestiona Astilleros Santodomingo—, asegura que el pesquero no tiene débitos pendientes. Este grupo empresarial fue el que efectuó la donación al Concello para que el buque forme parte del futuro Museo del Mar que se va a construir en Alcabre.



DE ARCOS

**El buque "Bernardo Alfageme", en el muelle de la empresa de desguaces, en A Guía.**

La Federación Galega pola Cultura Marítima, promotora junto a la asociación de marinetos de Bouzas de una campaña entre armadores, instituciones y organismos para recuperar el buque, advierte del deterioro irreversible que el "Bernardo Alfageme" pueda sufrir si no se comienzan cuanto antes las labores de mantenimiento y conservación del barco, atracado en A Guía desde hace seis meses.

El "Bernardo Alfageme" es un arrastrero construido en 1944 que navegó hasta el año pasado.

O Alcalde de Vigo e várias institución recomendan gardalo como peza irrepetíbel da cultura naval

# Alarma para salvar un arrastreiro de chapa remachada (1944) condenado ao desguace

G. LUCA

**Toda unha xeración da pesca está dando a voz de alarma para que non se sacrifique o *Bernardo Alfageme*, un arrastreiro de 1944 que espera o desguace en Guixar (Vigo). A *Asociación de Mariñeiros de Bouzas* non está disposta a que se perdan esta e outras pezas valiosas do património naval e quere que se respalde unha fundación para custodialo. O alcalde de Vigo recomendou á consellaria de Pesca e ao ministério de Madrid a conservación do prototipo.**



O *Bernardo Alfageme* é unha peza de mérito dos estaleiros de *Hijos de J. Barreras*, un pesqueiro de 24 metros de eslora que estiliza as liñas das primeiras bacas bouzanas de 1910 e das que seguiron andando os anos. É máis recortado de francobordo, con maior lanzamento de proa, que xa anúncia as proas de esparaván dos arrastreiros dos 60, tan admiradas en todos os portos do mundo e popa redonda.

Só coa intervención da Administración poderá salvarse esta peza única, na que se resume o complexo saber da construcción naval dos 40, acoutado por unha experiéncia de mar que se acumulaba entre vagas de mar e viradas de aparello e sulagaba despois a mesa de debuxo dos enxeñeiros con mil consellos sábios: a ponte máis alta, sen ángulos na base para despachar mellor o vagallón, o guincho ao pé do castillo de governo; o *perro* volado sobre a regala de estribor sobre un morteiro de ferro reforzado.

### Na fronteira dos barcos remachados

O *Bernardo Alfageme* sinala o límite das formas que os estaleiros podian perfilar en chapa de ferro de 15 milímetros coa tecnoloxia da época. Os arcos de roda e codaste e o contorno semi-circular da popa están ferrados a soplete e macho. Todo o casco vai remachado en quente con pernos de frágua, e mesmo as botellas de arranque, de 500 milímetros de diámetro, foran remachadas con axuda dun obreiro atobado no interior dos estreitos cilindros de ferro para termar no roblón interior.

Hai unha lei que prescribe o despeze e venta como ferrote a peso de toda esta arte de facer barcos. Esta pragmática cega de reconversión da frota, atinxe tamén ás máquinas: un motor principal diesel *Wesport 330*, de patente holandesa mellorada en Barreras, e un auxiliar de 190 da mesma marca para o guincho, que se movia con transmisión de correa plana de coiro ou goma reforzada. "A construcción integral destes motores no estaleiro de Barreras -comenta António Estévez, técnico de motores navais que xa salvara pola sua conta as máquinas do alxibe *Roberto*, cachizado polo soplete da famosa Lei-, foi o antecedente dos motores *Deutz*, modificados aqui e admirados en todo o mundo". A fábrica de motores de *Barreras* fora liquidada coa axuda da Administración central nun proceso que interesaba só á estratéxia comercial da compañia alemá.

"O *Bernardo Alfageme* é unha mostra do importantísimo património naval gardado nos portos de toda Galiza, que debe ser catalogado e conservado", sinala O historiador Dionísio Pereira, presidente da *Federación de Asociacións de Defensa da Cultura Naval*. A *Asociación de Mariñeiros de Bouzas* di que o *Bernardo Alfageme* deberia ser a primeira peza dun museu a frote ao que se sumarian todas aquelas embarcacións que sexa necesário conservar. A conservación e exposición deste património poderia incardinarse no futuro Museu do Mar promovido pola consellaria de Cultura e pagado polo Consórcio da Zona Franca de Vigo.

O alcalde nacionalista de Vigo, Lois Pérez Castrillo, advirte nunha carta ao director de Estruturas Pesqueiras e Mercados que de producirse o desguace do *Bernardo Alfageme* somentes nos quedarian fontes documentais e fotografias para podermos afondar no coñecemento dunha das actividades que teñen dado maios prestíxio e proxección internacional á Vigo; co seu desguace, o *Bernardo Alfageme* uniríase lamentabelmente á longa lista de buques que mália seu alto valor para a história da construcción naval de Vigo, foran estragados nos últimos anos, como fora o caso do alxibe *Roberto* e do petroleiro *Campaláns*". A carta pede a detención da orde de desguace co obxecto de que o Concello, xunto con outras institucións da cidade, poida desenvolver un proxecto para a sua conservación e uso cultural.

# NOTA DE PRENSA

DE: Federación galega pola Cultura Marítima
ASUNTO: Barco Bernardo Alfageme
DATA: 21/01/02

**A Federación Galega pola Cultura Marítima ( FGCM)** quere manifesta-la súa preocupación polo posible desguace do barco "**Bernardo Alfageme**" por falla de colaboración entre as institucións públicas de Vigo.

Parece que a chegada do euro as nosas terras non fixo que foramos máis Europa; mentras os nosos colegas franceses, holandeses, noruegos, irlandeses pelexarían por poder ter unha mostra do seu patrimonio marítimo, aquí en Galicia, a triste nova da posible desaparición do barco "Bernardo Alfagueme" nos situa na dura realidade: seguimos esquecendo e estragando o noso pasado.

O Bernardo Alfageme, único no seu tipo de construcción, estanba no corredor da morte hai dous anos; o interese e loita por parte da Asociación de Mariñerios de Bouzas (asociación pertencente á FGCM), fixo que se abríra un debate na sociedade viguesa sobre a importancia de conservar ó pouco que queda do patrimonio marítimo de Vigo. Gracias a Concellería de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo foi posible salva-lo barco do seu desguace. Agora queda moito traballo : a súa restauración e realización dun proxecto para o uso e disfrute dos cidadans. E para esto fai falla a colaboración de tódalas institucións públicas de Vigo.

A FGCM pensa que sería moi penoso e denunciable públicamente que por intereses particulares, a cidade de Vigo deixe morren unha parte da súa historia máis recente. Pois un povo que esquece o seu pasado é un povo sen futuro.

Xabier Trepat
Pte. FGCM

Telf: 986 720 759
fgcmgalicia@ mixmail.com

" Para vos ¿qué é un aparello de arrastre?¿Cómo diferenciaríades un atuneiro dun arrastreiro?¿Coñecedes as especies capturadas na pesca do arrastre?....Imaxinade....Vos sodes un pescador de altura no Grand Sole, e andades á pescada. A onda tecnolóxica vos captura e, desta volta, o sono é realidade: o "Hemérica", arrastreiro de 34 metros, amarrado ao peirao do Museo, invítavos a bordo: cala, portas de arrastre, malletas, sonda, praias, son verbas que non terán segredos para vos. As cores, os olores, o contacto co aceiro vos mergullan na vida tan esforzada e intensa do pescador de altura....".

Podería ser Vigo, pero non é tal. Estamos en Bretaña, no Museo da Pesca de Concarneau. Podería ser o "Bernardo Alfageme", pero tampouco é. Quen serve de guía a nenos e maiores nos avatares da pesca de altura, é o "Hemérica" arrastreiro do Grand Sole salvado do despece pola conciencia que os bretóns teñen, de que a memoria colectiva das xentes de mar constitúe un dos seus sinais de identidade sobranceiros.

Hai dous anos, o noso colectivo declarou a diversos medios de comunicación de Vigo que "o "Bernardo Alfageme" é unha mostra senlleira do patrimonio naval que atesouran os portos galegos, e como tal debe ser conservado, catalogado e dotado dunha nova funcionalidade museística, ao servicio do conxunto da cidadanía".

Agora, cando a recuperación do "Bernardo Alfageme" iniciada polo Concello de Vigo hai dous anos está outra volta ameazada, compre facerse algunhas preguntas: ¿xustifica unha presunta falla de espacio no porto vigués, a desfeita dunha embarcación que debera ser un referente inexcusable da memoria colectiva das nosas pescas de altura?. ¿Un custo anual de 10 millóns de pesetas para a súa conservación, escorrenta a todo un Consorcio da Zona Franca ou á Autoridade Portuaria?. ¿Non pode facer valer o seu peso con maior enerxía o Concello diante das devanditas institucións?. ¿Qué opinan os responsables do futuro Museo do Mar de todo este asunto?. ¿Quén cargará na súa conciencia semellante atentado contra o noso patrimonio marítimo, se o definitivo despece do "Bernardo Alfageme" se leva a cabo?.

Se por falla de sensibilidade dos que teñen nas súas mans impedir a perda da embarcación esta se producira, todos e todas sairíamos perdendo, como xa aconteceu coa lamentable desaparición do alxibe "Roberto" e do petroleiro "Campalans". Porque un patrimonio estragado sen proveito para ninguén, ven sendo unha rotunda manifestación de que en Galicia continuamos a viver de costas non só ao mar da memoria e ao seu papel na nosa identidade colectiva, senón que, desmemoriados, obviamos tamén os alicerces do necesario compromiso co presente das nosas xentes de mar.

Dionisio Pereira

Presidente do Grupo de Investigación Etnográfica "Mascato" (Cambados)

# Salvar un barco que es historia de Vigo

Vigo es y fue gracias al mar el motor principal de la industria en Galicia; y por el mar no navegan carros de bueyes ni de caballos. Por el mar navegan barcos. Estos barcos en sus distintas etapas de desarrollo fueron los que ayudaron a que Vigo fuese el primer puerto pesquero de Europa y uno de los principales del mundo, fueron escuela de grandes navegantes, con los cuales se descubrieron nuevas rutas y caladeros, y con ello se originó el gran desarrollo de la ciudad y del puerto en sus distintos sectores. Actividad de pesqueros, mercantes, construcción naval, hostelería, comercio, transporte, construcción, etc. incluso se llegó a llamar Vigo la ciudad imán. Estos barcos para la gente de mar y mayormente para la Galicia marinera y no marinera tienen su historia viva (como la tiene la catedral de Santiago y su camino), pues durante muchos años fueron y son nuestra casa y aportábamos alimento para la humanidad a costa de muchos sufrimientos y lágrimas, y el trabajo de un hombre de mar genera seis en tierra. ¿Quién genera la actividad portuaria? ¿Para qué se construyen naves industriales relacionadas con el mar dentro y fuera del recinto portuario? ¿Quién genera los miles de millones de la Zona Franca y Autoridad Portuaria? ¿Por qué se instalan multinacionales cerca del Puerto? ¿Por qué es necesario hacer túneles y circunvalaciones conectadas con el Puerto? Las mercancías de los puertos entran gracias a los barcos sean éstas las que sean, estos barcos en sus distintas listas tienen o tuvieron sus actividades y generaron o siguen generando riqueza. Uno de estos barcos que llegó a marcar un hito en su época fue el "Bernardo Alfageme", como también lo fueron el "Campalans", el algibe "Roberto" y tantos otros o los galeones que traían piedra de las canteras de Domaio. En cualquier país civilizado estos barcos que crearon historia en el desarrollo de su pueblo son considerados por su gobierno, los cuales aún están generando riqueza como atracción turística.

Como hombre de mar y de mando, llevé con mucho orgullo la bandera española izada en el palo de popa y el nombre de Vigo en las amuras y en el puente del barco que mandaba a través de los mares y puertos del mundo. Hoy después de tantas singladuras y con lo que me enseñó la Universidad de la vida, no concibo cómo en Vigo y su Puerto, los que más riqueza generan a Galicia, no se considere un buque que hizo historia como tantos otros y dio renombre y desarrollo al puerto y la construcción naval; no concibo cómo un barco de 23 metros de eslora no tenga sitio en la mejor ría del mundo y el puerto pesquero mayor de Europa; (se hizo un relleno de 750 m. de largo sin zona de atraque, con 19 y 20 metros de calado); esto ya pasó; a ver si de los errores se aprende; no concibo cómo acometiendo obras faraónicas como circunvalaciones, túneles, museos, palacios de congresos, casas de las letras (todos ellos bien venidos sean) con costes millonarios en su mantenimiento y no se tengan unas calderillas para el mantenimiento del "Bernardo Alfageme" como símbolo de una flota; no concibo cómo Vigo después de haber perdido todo su litoral en beneficio de unos, éstos ahora no tengan una limosna para la salvación del "Bernardo Alfageme" el cual es historia viva y no réplicas como hay en muchos puertos. Quiero dar las gracias a todas aquellas personas que me han ayudado a rescatar el barco y siento no poder conseguir que Vigo tenga un símbolo vivo de quien le ha dado el ser: el barco pesquero. Vigo y su Puerto ¿qué maldición ha caído sobre nosotros? El 8 de noviembre de 1881 se constituye la Junta de Obras del Puerto de Vigo, organismo que contribuyó a potenciar el puerto de la ciudad pero desgraciadamente ignorando que la ciudad y el puerto eran la misma cosa. Esta es la maldición, es la herencia que han recibido los actuales mandatarios. Y en mi opinión el único antídoto para curarla es el siguiente: ruego a los políticos que, por una vez, aparquen por un momento sus banderas políticas y se unan por el bienestar común de la ciudad y del puerto; y no dilapidemos toda esta inmensa riqueza turística, industrial, histórica y con una gran cultura marinera que poseemos, y que no entreguen a las nuevas generaciones lo mismo que han recibido. En otras ciudades y puertos así lo han hecho, y son elogiadas por sus habitantes y visitantes. Quiero dar un último adiós a un barco que, al igual que muchos otros, fueron pilares básicos en el desarrollo de la ciudad y el puerto, casa a flote, sustento de muchas familias, tabla de salvación y escuela de muchas tripulaciones. Hoy todo son impedimentos para mantenerte a flote, como aula etnográfica y atracción turística, pero estoy segurísimo que no existiría ningún impedimento para que fueses símbolo a modo de una primera piedra, y te enterrasen bajo miles de toneladas de tierra de un futuro relleno. Adiós, viejo amigo.

**Manuel Pérez Fernández, capitán de pesca y yate** •Vigo

CAMPO DE GRANADA



Manuel Bragado

# Chapa de mar

O pleno do concello de Vigo acordou hai case dous anos, por votación unánime de tódolos seus corporativos, aceptar a doazón do buque "Bernardo Alfageme" que pasou a formar parte do inventario de bens do municipio. O pesqueiro, ata entón a piques de ser despezado, foi indultado gracias á movilización de diversos colectivos cívicos que traballan na recuperación da cultura mariñeira da Ría (a Asociación de Mariñeiros Tradicionais San Miguel de Bouzas e a Federación Galega pola Cultura Marítima) e ás xestións realizadas pola Concellería de Patrimonio Histórico que elaborou unha primeira proposta para a recuperación da embarcación e o seu aproveitamento didáctico e uso cultural.

A salvación "in extremis" deste veterano arrastreiro de chapa remachada –construído por Barreras para o Grupo Mar, en 1944, cando aínda non se empregaba a soldadura– quebraba a traxectoria de destrucción sistemática do noso patrimonio marítimo. No último lustro foron despezados na Ría os vapores "Campaláns" e "Roberto" e desapareceron un bo número de traíñas, gamelas e outras embarcacións tradicionais. O petroleiro "Campaláns", o primeiro vapor de ferro que construíu Barreras na década de 1930 e que abastecía de combustible aos buques que facían escala en Vigo, estivo varios anos atracado na dársena da Cruz Vermella do peirao de transatlánticos agardando un indulto que nunca chegou: Campsa decidiu vendelo como chatarra en 1997. O alxibe "Roberto", construído totalmente en madeira e botado na década de 1920, do que din se abastecía de auga nas minas do Morrazo, correu unha sorte semellante: despois de permanecer amarrado, un particular mercou e salvou a súa magnífica máquina de vapor, mentres o seu casco foi despezado.

O "Bernardo Alfageme" parecía que podería correr unha sorte diferente. Semellaba que xa era un feito a recuperación desta peza patrimonial de grande mérito constructivo. A fasquía alongada do casco de chapa de ferro de 15 milímetros e de 24 metros de eslora anuncia o que serán as proas de esparaván dos arrastreiros vigueses dos sesenta, admirados en tódolos portos do mundo; a elegante popa semicircular, ferrada a soplete e macho; a situación un chisco atrasada da ponte e do guincho ou do "perro volado" sobre a regala de estribor, e a robustez do seu motor principal (un Barreras Werkspoor, antecedente dos míticos Deutz que montaba a factoría de Beiramar) fan desta embarcación unha mostra emblemática da capacidade constructiva da industria naval viguesa de hai cincuenta anos. Un arrastreiro, que inicialmente formaba parte do "sexteto pequeno" de Casa Mar, tripulado por catorce persoas e que durante case cinco décadas realizou no Gran Sol heroicas mareas de trinta días na procura de pescada e peixe sapo.

E a pesar de ter sido indultado, o "Bernardo Alfageme" non está aínda a salvo. Os responsables do concello de Vigo lamentáronse hai pucos días de non dispoñer dos 150.000 euros necesarios para afrontar unha restauración integral que lle permitise volver a navegar pola Ría, nin dos 60.000 euros anuais para realizar o seu mantemento. Tampouco se resolveu a cuestión da súa localización definitiva, nin se concretou a posibilidade da súa integración dentro do marco dese fantasmagórico Museo do Mar de Alcabre, do que os cidadáns nada sabemos sobre o seu proxecto museístico e, moito menos, sobre a data da súa posta en funcionamento.

> A pesar de ter sido indultado, o "Bernardo Alfageme" non está aínda a salvo

Queixas e feitos que se producen nunha cidade que se gaba de posuír un dos primeiros portos pesqueiros do mundo, de vivir impregnada de sal e maruxía e que, ao mesmo tempo, vive totalmente de costas ao seu patrimonio marítimo. O concello de Vigo salvará o "Bernardo Alfageme" cando, como ven sucedendo nalgunhas localidades portuarias atlánticas (sometidas a unha auténtica febre conservacionista), asuma que a posta en valor do patrimonio marítimo da cidade é unha cuestión estratéxica e prioritaria, que engade valor (atrae a milleiros de visitantes e ocupa a moitas persoas) e mellora a calidade de vida dos veciños. A responsabilidade do concello está en liderar un proxecto conservacionista que implique a outras administracións e, sobre todo, ás empresas do sector naval e pesqueiro que dispoñen de recursos sobrados para converter ao "Bernardo Alfageme" no buque-museo que precisamos. A queixa non nos convence, só nos decepciona.

EL PRESENTE FAX CONSTA DE TRES PÁGINAS INCLUIDA LA PRESENTE

**REMITE**: FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA

**A LA ATENCION DE** :

UNA VEZ SOLUCIONADOS LOS PROBLEMAS ADMINISTRATIVOS Y REVOCADA LA ORDEN DE DESGÜACE POR LA DONACIÓN CON FINES CULTURALES

**EL PESQUERO BERNARDO ALFAGEME, DE CONSIDERABLE VALOR HISTÓRICO PARA LA CIUDAD DE VIGO, PUEDE PERDERSE AHORA POR PEQUEÑOS PROBLEMAS ECONÓMICOS.**

LA EMPRESA QUE IBA A DESGÜAZARLO RECLAMA UNA COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR LOS GASTOS GENERADOS .

PARA AMPLIAR INFORMACIÓN CONTACTAR CON VICTOR FERNANDEZ, TELÉFONO 649-680854

El pasado mes de febrero saltó a los medios de comunicación la noticia de que el pesquero BERNARDO ALFAGEME, construido en 1944 y que a juicio de los expertos debía ser considerado un importante elemento del patrimonio histórico marítimo para la ciudad de Vigo, iba a ser desgüazado para chatarra, dándose además la circunstancia de que el barco se encontraba en perfecto estado de conservación, ya que sorprendentemente estuvo faenando hasta finales de 1999.

A raí z de la campaña de concienciación iniciada en aquellos momentos por la Asociación de Marineros "San Miguel de Bouzas" ante diferentes instituciones públicas y privadas, así como por la amplia repercusión de la noticia en los medios de comunicación, se consiguió paralizar la orden de desgüace y recientemente se autorizó su conservación para dedicarlo a fines culturales. En esta campaña para conservar el histórico pesquero participó activamente la Cooperativa de Armadores de Vigo, realizando gestiones ante la Consellería de Pesca y Ministerio de Pesca así como ante el armador, el cual donó el Bernardo Alfageme gratuitamente. El propio Alcalde de Vigo Lois Castrillo se sumó a esta campaña remitiendo escritos a los organismos oficiales con competencias, así como canalizando las numerosas adhesiones que se recibieron. También se pronunciaran favorablemente a la conservación del arrastrero el Presidente de la Autoridad y el de la Zona Franca.

Así mismo, el arquitecto del futuro Museo del Mar, Cesar Portela, estuvo a bordo del barco junto con la concelleira de Patrimonio Histórico, técnicos de este departamento y personas relacionadas con el mundo del mar para conocer las características y estado de conservación, coincidiendo todos en señalar la importancia de conservar el Bernanrdo Alfageme para dedicarlo a Aula Flotante que muestre la historia de la pesca, la conserva y del sector naval en la Ría de Vigo. No obstante, ante la paradojica circunstancia de que en Vigo no existe ningún patronato, fundación, etc., con capacidad para dedicarse a la conservación del patrimonio marítimo y ante la necesidad legal de que alguna entidad se hiciera cargo del barco para evitar su desgüace, el Pleno del Concello de Vigo aprobó en el mes de marzo asumir su donación para dedicarlo a los fines culturales expuestos e incluso estudiar la posibilidad de integrarlo en un futuro en el Museo del Mar.

La Consellería de Pesca informó favorablemente la conservación del Bernardo Alfageme, lo que unido a la presión ejercida desde Vigo, hizo que excepcionalmente desde el Ministerio de Pesca, Agricultura y Alimentación se revocase la orden de desgüace y se autorizase su donación. Para ello el propietario del barco (la empresa Armón) y el Concello de Vigo firmaron un convenio de donación según el cual el propietario donaba el barco gratuitamente y libre de todo tipo de cargas al Concello de Vigo para dedicarlo a fines culturales.

Cuando todos los tramites administrativos se solucionaron y el Concello iba a hacerse cargo del barco e incluso ya había contactado con un varadero vigués para realizar las labores precisas de mantenimiento y conservación surge en estos días un problema de última hora que impide al Concello actuar, ya que el propietario de Viguesa de Chatarras, empresa que iba a desgüazar el barco y en cuyos muelles continua amarrado el Bernardo Alfageme, señala que el barco no está libre de cargas puesto que este le ha generado una serie de gastos (que rondan el millón de pesetas según manifestaciones del propietario del desgüace) y que reclama antes de permitir que se materialice la donación. La cuestión se complica más cuando el propietario legal del barco y que es quien efectúa la donación (la empresa Armón, propietaria de los Astilleros Santodomingo), señaló en diferentes ocasiones, incluso recientemente en una reunión con la Concejala de Patrimonio Histórico, que no existía ninguna deuda con el desgüace y por lo tanto el Concello ya podía materializar la donación.

Ante estas circunstancias la Concejala de Patrimonio Histórico, Carme Corbalán, se entrevistó ya en el mes de abril con el propietario del desgüace y el apoderado de la empresa armadora, para que solucionaran entre ambos la situación, sin que hasta la fecha se tengan noticias de que esto se produjera, lo que puede llevar al Concello a renunciar a hacerse cargo del Bernardo Alfageme ya que no se puede sostener esta situación por más tiempo.

Ante esta situación y la imposibilidad de comenzar con las tareas de mantenimiento y conservación del Bernardo Alfageme, la Federación Galega pola Cultura Marítima, señala el riesgo de que el barco pueda sufrir un deterioro irreversible ya que la falta de dichas tareas puede ocasionar graves daños en la chapa del barco por la acción galvánica del mar e incluso se produzca su hundimiento.

Señala también la Federación Galega pola Cultura Marítima la necesidad de que intervengan en el desbloqueo de la situación las entidades y sectores industriales relacionados con el mar, ya que uno de los objetivos de la conservación del Bernardo Alfageme es el de crear un espacio dedicado a mostrar los origenes y evolución de esos sectores, algo que sorprendentemente aún no tiene reflejo en nuestra ciudad.

## DOCUMENTACIÓN

### *LA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA (FGCM)*

Es una institución creada en 1993 y que reune a 17 asociaciones gallegas que trabajan en la protección, difusión y recuperación del patrimonio marítimo de Galicia.

Desde su constitución viene organizando diversas actividades, en colaboración con Concellos, Museo do Pobo Galego y distintas entidades públicas y privadas, en las que se quiere exponer la recuperación y conservación del rico patrimonio marítimo gallego.

Este año, en el mes de julio, Galicia y la FGCM están invitadas a participar en los Encuentros Internacionales de DOUARNENEZ (Bretaña Francesa), la más importante cita cultural de Europa en lo que se refiere al mundo del mar y que se celebra cada cuatro años. Vigo estará presente en este encuentro con tres embarcaciones: una gamela coruxeira, una gamela guardesa aparejadas ambas para navegar con vela y una trainera de madera deshechada para las competiciones y recuperada para el remo de recreo.

### *BERNARDO ALFAGEME*

En este pesquero confluyen una serie de circunstancias que le hacer ser considerado una pieza valiosa en el patrimonio histórico de Vigo y elemento fundamental sobre el que organizar una exposición permanente que explique la historia de los sectores vigueses relacionados con el mar.

En primer lugar por las empresas a las que representa y que son parte fundamental de la historia de nuestra ciudad:

-Fue encargado por Bernardo Alfageme del Busto, propietario de la conocida conservera que lleva su nombre.

-Fue construido integramente en los Astilleros Hijos de J.Barreras, incluido su motor principal, un diesel Wesport 330 de patente holandesa pero mejorado en Barreras.

-Fue aportado como capital al grupo MAR.

En segundo lugar por el valor histórico del barco en sí.

- Se trata de un arrastrero de 24 metros construido en 1944, que estuvo faenando hasta 1999 y que representa a una generación pesquera que hizo de Vigo la primera potencia mundial de pesca. Sí ya es difícil que un pesquero con 56 años llegue hasta nuestros días, más difícil es que lo haga en tan buen estado de conservación
- Las técnicas y materiales empleados en su construcción son parte de la historia del sector naval, así nos sorprende el conocer que el tipo de chapa empleado (de 15 milímetros), hoy en día sólo se utiliza para barcos que van a trabajar entre hielos. Nos sorprende conocer que las chapas del barco están unidas con remaches y que para poner cada uno de ellos hacían falta 5 hombres ya que los pernos salían en caliente de la fragua. Nos sorprende...
- Los motores Wesport de patente holandesa mejorados y montados en Barreras que lleva el Bernardo Alfageme eran admirados en todo el mundo.
- En definitiva se trata de una pieza única que como señaló el Alcalde Lois Castrillo en la carta enviada a los diferentes organismos con competencias sobre el pesquero "De producirse o desgüace deste arrastreiro, soamente nos restarían fontes documentais e fotográfias para profundar no coñecemento dunha das actividades que teñen dado maior prestixio e proxección a nosa cidade"